



BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DO CONCELLO DE CEDEIRA 2024

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no campamento municipal de Nadal do Concello de Cedeira, que se desenvolverá os 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2024 e 2, 3 e 7 de xaneiro de 2025.

Este campamento de Nadal ten a finalidade de facilitar unha alternativa de ocio para as nenas e nenos promovendo así a conciliación familiar durante as vacacións de Nadal. As actividades que se desenvolverán terán carácter lúdico: xogos, obradoiros de refugallo, actividades deportivas, etc.

Artigo 2. Persoas destinatarias

O campamento urbano de Nadal está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2012 e 2021, ambos incluídos.

Artigo 3. Lugar e período de realización

O campamento desenvolverase nas instalacións CEIP Nicolás del Río. O horario será de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Artigo 4. Número de prazas ofertadas

- a) O campamento urbano de Nadal oferta 50 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.
- b) Resérvanse 5 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.
- c) No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, as persoas que se atopen en lista de agarda pasarán a ocupar esas prazas.

Artigo 5. Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días hábiles a contar a partires do día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios dixital.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou titor legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra co



requisito relativo aos anos de nacemento e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento.

Neste último caso, a admisión se realizará atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Se considerarán admitidos todos aqueles que acheguen a documentación necesaria e cumpran co requisito de participación relativo aos anos de nacemento.

As admisións extemporáneas, é dicir, fóra do prazo de presentación inicial, se comunicarán á empresa encargada da prestación do servizo de campamento mediante comunicación escrita asinada pola Concelleira de Facenda ou, de non resultar posible esta, por correo electrónico do que se deixará constancia no expediente de selección de participantes. A empresa encargada debe verificar que todos os admitidos figuren na listaxe correspondente ou, neste último caso, que contan con comunicación do concello ao efecto.

No caso dos solicitantes, se considerarán efectuadas as comunicacións de admisións que se realicen tanto por teléfono como por correo electrónico, en función dos datos de contacto que estes poñan a disposición do Concello.

Artigo 6. Requisitos de participación

- a) Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2012 e 2021, ámbolos dous incluídos.
- b) Terán preferencia os/as menores empadroados no concello de Cedeira.
- c) No caso de que, atendidas as solicitudes que cumpran o requisito anterior, quedaran prazas vacantes, terán preferencia os/as menores cuxos pais, titores ou representantes legais cos que convivan e teñan a obriga do seu coidado, traballen no termo municipal do concello de Cedeira e así o acrediten.
- d) Atendidos os dous criterios anteriores que terán preferencia, se persiste a existencia de prazas vacantes, queda aberta a participación ás actividades do campamento a calquera que presente solicitude e cumpra os requisitos das presentes bases.

Artigo 7. Criterios de selección

- a) Respectando as preferencias a que fan referencia as letras b) e c) do artigo 6, en primeiro lugar seleccionarase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores, teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias ou estean realizando un curso do plan de formación en horario de mañá impartido dentro da formación para persoas desempregadas das diferentes administracións públicas. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor .
- b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes a selección farase por sorteo, sempre respectando as preferencias anteriores, isto é: da totalidade de participantes que sexan menores empadroados en Cedeira en primeiro lugar e só de quedar prazas vacantes, os menores de proxenitores que traballen en Cedeira.
- c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptados estes criterios, os restantes participantes no campamento seleccionaranse por sorteo.



d) Unha vez cubertas o máximo de prazas ofertadas o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda. O sorteo determinará a orde dos aspirantes na lista de agarda; excepto aquelas que se presenten fóra do prazo de presentación de solicitudes por quedar prazas vacantes. Neste último suposto, a orde da lista de agarda quedará determinada pola data de presentación, e no caso de coincidir varias solicitudes nun mesmo día, por sorteo.

e) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

Artigo 8. Solicitude e documentación a presentar.

a) Solicitude de participación no campamento, que figura como ANEXO I a estas bases.

b) Fotocopia do DNI do/a menor.

c) Fotocopia da tarxeta sanitaria.

d) Fotocopia do DNI do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de campamentos.

e) Fotocopia do libro de Familia.

f) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo.

g) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.

h) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 6 apartado c), deberán achegar unha declaración responsable sobre as anteriores circunstancias.

i) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 7 a), deberán achegar declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral ou do plan de formación de ambos proxenitores.

A comprobación do empadramento no Concello de Cedeira farase de oficio polos servizos encargados do concello, excepto que non se autorice esta, en cuxo caso deberá acompañarse á solicitude.

Artigo 9. Tramitación de solicitudes

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola AEDL, a Concelleira de Facenda e o Concelleiro de Educación.

Artigo 10. Listado de aspirantes admitidos e excluídos

a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.

b) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios dixital e se concederá un prazo de 3 días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións.

c) Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos e publicarase do mesmo xeito.



ANEXO I

CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DO CONCELLO DE CEDEIRA
FICHA DE INSCRIPCIÓN
NADAL 2024-2025

DATOS DO/A MENOR	
NOME	
APELIDOS	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/TITORA	
NOME	
APELIDOS	
DNI	
TELÉFONO	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	

OUTROS DATOS	
Ten necesidades educativas especiais: En caso afirmativo indicar cales	SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/>
Ten algunha intolerancia alimentaria ou alerxia: En caso afirmativo indicar cales	SI <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/>

COMPROBACIÓN DE DATOS
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos
<input type="checkbox"/> Datos do padrón da persoa solicitante
<input type="checkbox"/> Opóñome á consulta

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE
<input type="checkbox"/> Fotocopia do/a menor
<input type="checkbox"/> Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal que asine a solicitude
<input type="checkbox"/> Fotocopia do libro de familia
<input type="checkbox"/> No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
<input type="checkbox"/> No caso de separación/divorcio entre as persoas proxenitoras, copia da mesma para acreditar réxime de custodia
<input type="checkbox"/> Declaración responsable, se é o caso, que se refire ao artigo 6 apartado c).
<input type="checkbox"/> Declaración responsable, se é o caso, que se refire ao artigo 7 a).



Como representante legar do/a menor arriba indicado/a

SOLICITO a súa inscrición no Campamento Urbano de Nadal do Concello de Cedeira

Cedeira, de de 2024

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 3/2018, DE 5 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSONALES E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS, infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse á base de datos do que é titular o **Concello de Cedeira**, con enderezo en Rúa Real, 15. CP 15.350. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co Campamento Urbano de Nadal.

Os datos dos participantes poderán aparecer no listados municipais nos taboleiros de anuncios e na web municipal.